

CLAUDIO ZULIAN

O CORPO E O TERRITORIO

TALLER DE ARTISTA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
21-25 maio 2018

Horario: 16:30 a 20:30 h

Desde hai dúas décadas Claudio Zulian desenvolve un intenso labor de creación e reflexión arredor da cuestión do territorio, entendido como aquela parte do mundo que experimentan de maneira concreta os grupos, as sociedades e os individuos. As súas instalacións visuais e sonoras, películas, fotografías, poemas, prosas e ensaios exploran a densidade e a complexidade dos territorios tal e como son producidos, definidos e vividos na actualidade.

Moitas das obras de Claudio Zulian supoñen un longo período de preparación no que o artista explora textos e imaxes referidos a un determinado lugar, mergullándose tamén en todo tipo de arquivos públicos e privados —fotográficos, legais, audiovisuais, bibliográficos, urbanísticos etc.— que se poidan referir a el. Ademais, durante a preparación, organízanse encontros con asociacións, grupos e persoas. A escoita dos múltiples discursos, íntimos ou expertos, que entretecen o día a día do territorio é un trazo fundamental a miúdo reflectido no resultado final da obra.

Finalmente, a obra mesma é concebida como un dispositivo para diseminar novas experiencias do territorio: desde unha íntima devolución local ata a difusión nas redes globais da nosa contemporaneidade.

O SEMINARIO

O seminario *O corpo e o territorio* supón un achegamento ao territorio a través da súa historia, as súas memorias e os seus afectos na era do hiperdesenvolvemento tecnolóxico.

Exploraranse cuestións teóricas e prácticas da produción artística que teñen o territorio como fundamento e obxectivo.

O seminario terá unha duración de 20 horas, repartidas en sesións de 4 horas durante 5 días. Cada sesión dividirase en dúas partes.

Na primeira parte, a partir da análise dalgunhas obras e dos procesos de estudo e creación que supuxeron, Claudio Zulian exporá



Claudio Zulian: *Críticas* (2003). Da instalación *Visións del Carmel*

Desde hace dos décadas Claudio Zulian desarrolla una intensa labor de creación y reflexión alrededor de la cuestión del territorio, entendido como aquella parte del mundo que experimentan de manera concreta los grupos, las sociedades y los individuos. Sus instalaciones visuales y sonoras, películas, fotografías, poemas, prosas y ensayos exploran la densidad y la complejidad de los territorios tal y como son producidos, definidos y vividos en la actualidad.

Muchas de las obras de Claudio Zulian suponen un largo período de preparación en los que el artista explora textos e imágenes referidos a un determinado lugar, buceando también en todo tipo de archivos públicos y privados —fotográficos, legales, audiovisuales, bibliográficos, urbanísticos, etc.— que se puedan referir a él. Además, durante la preparación, se organizan encuentros con asociaciones, grupos y personas. La escucha de los múltiples discursos, íntimos o expertos, que entretejen el día a día del territorio es un rasgo fundamental a menudo reflejado en el resultado final de la obra.

Finalmente, la obra misma es concebida como un dispositivo para diseminar nuevas experiencias del territorio: desde una íntima devolución local hasta la difusión en las redes globales de nuestra contemporaneidad.

EL SEMINARIO

El seminario *El cuerpo y el territorio* supone un acercamiento al territorio a través de su historia, sus memorias y sus afectos en la era del hiperdesarrollo tecnológico.

Se explorarán cuestiones teóricas y prácticas de la producción artística que tienen el territorio como fundamento y objetivo.

El seminario tendrá una duración de 20 horas, repartidas en sesiones de 4 horas durante 5 días. Cada sesión se dividirá en dos partes.

En la primera parte, a partir del análisis de algunas obras y de los procesos de estudio y creación que supusieron, Claudio Zulian

métodos e problemáticas que permiten diferentes formas de achegamento ao territorio. Abordaranse cuestións artísticas, filosóficas, literarias, históricas e urbanísticas que permiten entender creacións e mutacións do que chamamos *territorio*.

Na segunda parte de cada sesión, os asistentes serán invitados a concibir e a levar a cabo un proxecto artístico ou teórico persoal relacionado cun territorio libremente escollido. Cada proxecto será discutido no propio seminario para profundar así nas diferentes temáticas que os asistentes aborden.

CLAUDIO ZULIAN (Campodarsego, Padua, Italia)

Reside en Barcelona. É doutor en Estética, Ciencia e Tecnoloxía das Artes pola Universidade de París-Saint Denis. É autor dunha obra multiforme que abarca o cine, a televisión, as artes visuais, a música, o teatro e a literatura. Unha parte importante da súa obra caracterízase por unha sensibilidade cara ao social e político, e a busca da especificidade en cada medio en que traballa. Impartiu cursos, talleres e conferencias en diferentes universidades e centros culturais e artísticos. Ademais, escribe regularmente en revistas e xornais.

Máis información en www.claudiazulian.com.

expondrá métodos y problemáticas que permiten diferentes formas de acercamiento al territorio. Se abordarán cuestiones artísticas, filosóficas, literarias, históricas y urbanísticas que permiten entender creaciones y mutaciones de lo que llamamos *territorio*.

En la segunda parte de cada sesión, los asistentes serán invitados a concebir y a llevar a cabo un proyecto artístico o teórico personal relacionado con un territorio libremente escogido. Cada proyecto será discutido en el propio seminario para profundizar así en las diferentes temáticas que los asistentes aborden.

CLAUDIO ZULIAN (Campodarsego, Padua, Italia)

Reside en Barcelona. Es doctor en Estética, Ciencia y Tecnología de las Artes, por la Universidad de París-Saint Denis. Autor de una obra multiforme que abarca el cine, la televisión, las artes visuales, la música, el teatro y la literatura. Una parte importante de su obra se caracteriza por una sensibilidad hacia lo social y político, y la búsqueda de la especificidad en cada medio en que trabaja. Ha impartido cursos, talleres y conferencias en diferentes universidades y centros culturales y artísticos. Además, escribe regularmente en revistas y periódicos.

Máis información en www.claudiazulian.com.

DESTINATARIOS: artistas, cineastas, activistas culturais, estudantes e profesionais de belas artes, de historia da arte, de cine, socioloxía, xeografía, antropoloxía e ciencias da comunicación e calquera persoa interesada na materia.

PRAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: As persoas interesadas poden inscribirse enviando unha mensaxe electrónica a cgac.pedagogia@xunta.es antes do 10 de maio. As solicitudes deberán ir acompañadas dunha carta de motivación, un breve currículo e un informe profesional (máximo 15 MB). Ademais, deberán incluír os seguintes datos: nome completo, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto. Unha vez que lles confirmemos a inscrición, enviaremoslles as indicacións precisas para facer efectiva a matrícula.

MATRÍCULA: 20 €

COORDINACIÓN: Gema Baños

DESTINATARIOS: Artistas, cineastas, activistas culturales, estudantes y profesionales de bellas artes, de historia del arte, de cine, sociología, geografía, antropología y ciencias de la comunicación y cualquier persona interesada en la materia.

PLAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: Las personas interesadas pueden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.pedagogia@xunta.es antes del 10 de mayo. Las solicitudes deberán ir acompañadas de una carta de motivación, un breve currículo y un dossier profesional (máximo 15 MB). Además, deberán incluir los siguientes datos: nombre completo, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto. Una vez que les confirmemos la inscripción, les enviaremos las indicaciones precisas para hacer efectiva la matrícula.

MATRÍCULA: 20 €

COORDINACIÓN: Gema Baños



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

galicia